


OS 14 MANDAMENTOS DO BÓ COOPERANTE

Victor Viñuales



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento

Agradecementos

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento agradece a Victor Viñuales e á revista *Envío* o permiso para a reprodución e tradución ao galego desta obra *Os 14 mandamentos do bó cooperante*.

Edita:

© Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento
Rúa dos Basquiños, 33-1ªA
15704 Santiago de Compostela
Tel./Fax: 981 585 189
coordinadora@galiciasolidaria.org
www.galiciasolidaria.org

Colabora:

Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Presidencia. Xunta de Galicia.

Texto: © Victor Viñuales

Tradución ao galego: Emilio M. Martínez Rivas

Supervisión lingüística: ATB

Deseño e maquetación: ekinocio comunicación

Imprime:

Depósito Legal: C-

Índice

| | |
|---|----|
| Presentación | 04 |
| Introdución..... | 06 |
| 1. Deixarás á contraparte local protagonizar o proxecto | 08 |
| 2. Estimularás a autoestima na contraparte local | 10 |
| 3. Non axudarás a quen non se axuda a si mesmo..... | 12 |
| 4. Cooperarás, non farás doazóns | 14 |
| 5. Atenderás o proceso: é o fundamental | 16 |
| 6. Comprenderás a cultura local..... | 17 |
| 7. Evitarás o norte-centrismo nas túas análises e na túa conduta | 18 |
| 8. Non imporás, pero non aceptarás todo | 19 |
| 9. Non te enganes: o poder está desigualmente repartido | 20 |
| 10. Serás ponte: traducirás as dúas lóxicas | 22 |
| 11. Coordinarás o teu proxecto co dos outros | 23 |
| 12. Aceptarás que a meta non é ser querido polos pobres..... | 24 |
| 13. Descubrirás que cooperar é aprender | 25 |
| 14. Convenceraste de que a finalidade da cooperación é desaparecer | 26 |
| Victor Viñuales Edo | 27 |

A large, faint, light-orange graphic of a hand holding a flame is centered on the page. The hand is open, with fingers spread, and the flame is positioned in the palm. The entire graphic is rendered in a lighter shade of orange than the background.

Presentación

Cada ano son máis as persoas que, en Galicia, participan en proxectos de cooperación para o desenvolvemento. Ben como profesionais, en actividades de sensibilización ou na xestión de proxectos, ben como voluntarios nas mesmas áreas. A participación en proxectos sobre o terreo, os que realizamos xunto ás nosas contrapartes nos países do Sur requiren unha formación especializada na materia na que os mesmos se centren: en desenvolvemento rural, en educación, en sanidade, en economía... Pero tan importante como a capacitación técnica é o saber estar, o saber “comportarse” nunha cultura, nun sistema de valores, que a maioría das veces difire daquel no que nos temos formado.

Victor Viñuales, actual director da Fundación Ecología y Desarrollo, con sede en Zaragoza, ten unha longa experiencia de traballo en Centroamérica. Hai dez anos, froito desta experiencia de traballo no Sur, publicou na revista Envío (Managua) o artigo que hoxe a Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento publica en galego “*Os 14 mandamentos do bó cooperante*”. Pretende ser unha guía de conduta, de comportamento para aquelas persoas que participen en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, ofrecendo *mandamentos* que son válidos tanto para estadias curtas como para aquelas de longa duración. Cremos que a lectura destes *mandamentos* poden ser de grande utilidade, tanto, cando menos, como o coñecemento técnico doutras materias. A fin de contas, o labor dun cooperante é tanto social como técnico. Esquecer isto pode significar esquecer tamén a nosa misión.

Xuño, 2006.

A large, stylized graphic in a lighter shade of orange than the background. It depicts a hand with fingers spread, positioned above a large, circular shape that resembles an eye or a lens. The graphic is centered on the page.

Introducción

Os cooperantes, as cooperantes, raras veces actúan sós. O común é que traballen dentro dunha organización, gobernamental ou non. Esa organización á que pertencen delimita o seu marco de actuación, sinala os obxectivos, fixa as propostas, aproba os proxectos, determina os criterios cos que se executan. Os cooperantes non realizan o seu proxecto. Xestionan, propoñen, deseñan o proxecto da organización que representan.

Sen embargo, os cooperantes, contra o que con frecuencia argumentan, sí que poden condicionar significativamente a calidade da cooperación que se realiza. Dentro da súa organización, teñen poder, espazo e influencia propias que poden usar dun xeito ou doutro.

Non o que se dá, senón como se dá

O cooperante, a cooperante, como ocorre no caso doutras profesións - aínda que tal vez máis que nelas- compromete no seu traballo cotián a globalidade da súa persoa. O sorriso, o chisco de ollo, o ton da voz, o xesto, convértense en ferramentas do seu labor.

Pero non chega a boa vontade. En cooperación -como advertía San Vicente de Paúl- é máis importante como se dá que o que se dá. Os cooperantes, como responsables últimos -e con frecuencia principais- de como se fai a cooperación, teñen nas súas máns unha parte fundamental do éxito ou fracaso da cooperación. Teñen poder.

Se os médicos, os avogados ou os xornalistas teñen o seu propio código deontolóxico, os cooperantes tamén deben ter o seu, unha guía ética que vaia máis alá da política concreta que desenvolva o organismo no que conxunturalmente traballan.

A seguinte proposta de Código -con 14 mandamentos-, referida exclusivamente a como se coopera, tenta esbozar unha liña de conduta cuxa validez se extenda máis alá do país ou sector social co que se realiza a cooperación. Máis alá tamén das características da organización á que se pertence.





Deixarás á contraparte local protagonizar o proxecto

O lema que debe guiar calquera actividade humana *-facer as cousas do mellor xeito que un saiba-* e que guiaría o traballo do cooperante no seu propio país, debe subordinarse a este primeiro mandamento. Porque quen debe ser protagonista do proxecto non é nin o cooperante nin a axencia de cooperación. A contraparte local debe ser a protagonista.

Isto significa que hai que facer ben as cousas e hai que xestionar ben, pero sempre e cando o que se fai sexa entendido e compartido pola contraparte local. En caso contrario, e se así é a vontade da contraparte, é preferible que se faga algo que a xuízo do cooperante sexa “peor”.

É preciso conter o narcisismo persoal e procurar moderar o narcisismo da institución que se representa. Ambos son pecados e tentacións da cooperación. E ambos deben ser controlados porque poñen en cuestión unha meta fundamental da cooperación: que a contraparte protagonice.

Non hai que provocar por hipersolidariedade, hiperlaboriosidade ou hiperpaternalismo unha atrofia das capacidades das contrapartes locais. Só hai que facer o que as contrapartes locais non poden facer. E hai que deixar facer o que a contraparte ou a comunidade pode facer.

O cooperante debe asesorar, suxerir e propoñer, pero non decidir contra a opinión da contraparte. O futuro de cada país debe ser decidido polos habitantes e institucións dese país.



2

Estimularás a autoestima na contraparte local

O proceso de desenvolvemento, tanto nas persoas individuais como nas sociedades, esixe unha dose suficiente de autoestima. A pesar desta evidencia, os proxectos de cooperación iníciáanse con frecuencia a partir da análise do que falta, do que a xente non sabe facer, do que a xente non ten feito. E aínda peor: esas carencias contrapóñense co que sí saben os que veñen a cooperar, o que sí existe no país do que proceden.

Cando se actúa así, xunto aos resultados que o proxecto de cooperación reporta -auga potable, enerxía eléctrica...- queda tamén nas consciencias da xente un sentimento de infraestima colectiva: *“non sabemos, non temos, non podemos”*.

O cooperante debe valorar o que xa existe, o que xa se fai, o que xa se sabe. O maior e mellor resultado dun proxecto de cooperación non se pode medir nin se pode contar: queda na conciencia dos que participaron nel e gañaron confianza en si mesmos.



3 Non axudarás a quen non se axuda a si mesmo

Quen non se axuda a sí mesmo no ten dereito a solicitar axuda. E non é xusto brindarlla cando hai outra moita xente que se esforza en soidade, sen recibir ningunha axuda e sen ter ningunha man amiga. A cooperación debe ser un encontro de esforzos, unha suma de vontades.

Hai que tentar tamén que este encontro de esforzos se exprese e formalice nun acordo, nun convenio que comprometa a todos os que interveñen no proxecto. O texto dun acordo deste tipo sería unha visualización formal desa suma de vontades que outorga a todos os asinantes un mesmo estatuto: son socios que colaboran nunha tarefa común.



4 Cooperarás, non farás doazóns

Quen recibe as cousas e as oportunidades de balde vese privado da tremenda satisfacción que proporciona conseguir co esforzo propio o que antes desexou. Se se dá algo, quítaselle o pracer de gañalo, de soñalo, de traballar por él, de ir facéndoo propio, primeiro mentalmente e logo realmente. Salvo en casos de extrema necesidade motivados por catástrofes, non deben facerse doazóns.

Non hai desenvolvemento autosostible sen esforzo propio. E non hai esforzo propio onde hai doazón totalmente de balde. As doazóns poden aportar máis cantidade de cousas ás comunidades, pero ampútalles o hábito de gañalas, inocúlalles o virus da dependencia. Onde se elimina o esforzo propio, abórtase o principal factor de desenvolvemento e condéase á xente e ao país a unha crónica dependencia. Ademáis, a relación entre o que dá todo e o que recibe todo sen esforzo pola súa banda, é unha relación profundamente viciada, de extrema desigualdade, antidemocrática.

Ninguén perde a súa dignidade por ser axudado. Todos pedimos axuda nunha ou noutra ocasión e todos somos axudados por alguén ou axudamos a alguén. Pero se a axuda é total, continua, e anula os esforzos do axudado, é difícil que o resultado final non sexa xerar no axudado un sentimento de inferioridade.

Atenderás o proceso: é o fundamental

5

No deseño de cada proxecto de cooperación establécense uns obxectivos que hai que cumprir. Estes resultados focalizan a atención do cooperante, do organismo ao que representa e da contraparte local. Sen embargo, máis importante que ese obxectivo cumprido -ponte, escola, auga potable, enerxía eléctrica, postos de traballo, camiños...- é se o proceso para logralo incrementou a capacidade da contraparte local e da comunidade para realizar novos deseños de novos proxectos.

O crecemento da capacidade local non é moi visualizable. Non se inaugura como se inaugura unha casa comunal ou un pozo. Pero é o fundamental. Porque para o desenvolvemento local a mediano e longo prazo, o que realmente conta non é tanto a cousa lograda senón o proceso percorrido ata lograla. Con que disposición e capacidade queda a comunidade e a contraparte local para lograr máis cousas: ese debe ser o principal obxectivo, iso é o que hai que valorar e avaliar.



6 Comprenderás a cultura local

O cooperante debe interesarse -esforzarse se é necesario- en comprender a cultura dos que o acollen, os seus valores, a súa linguaxe, os seus refráns, os seus costumes, o seu particular xeito de entender o mundo. Só así poderá entender e facerse entender sen demasiados equívocos.

Apertura cultural non quere dicir perderse totalmente noutra cultura. O cooperante procede dun lugar que ten unha cultura. Ninguén lle pide conversións, senón comprensións.

ENRIQUECEMENTO
CULTURAL MUTUO



Evitarás o norte-centrismo nas túas análises e na túa conduta

O cooperante non crerá así, sen mais, que o progreso é lineal e avanza nunha sóa dirección. E por iso, non pensará que a sociedade coa que coopera está hoxe nun punto desa liña, polo que a sociedade da que el procede xa pasou, e que a súa misión é guiar aos que van “atrasados” nese tránsito cara a estación de chegadas que él xa coñece.

Con esta falsa idea na cabeza, a conduta e as accións do cooperante reforzarán os alicerces do abismo entre o Norte e o Sur e que se sustentan nesta premisa: o Sur debe marchar tras os pasos do Norte, que son os pasos correctos.

Se sostén esta errada idea, o cooperante convertirase nun axente máis do xigantesco proceso de homoxenización cultural co que, día a día, se agrede ao aínda chamado Terceiro Mundo. Unha homoxenización que consiste na imposición dunha cultura do planeta como a cultura universal, o que asfixia a biodiversidade cultural que a especie humana construiu nos cinco continentes.

Aínda que o cooperante sexa teóricamente crítico do imperialismo cultural, pode contribuir a el se pontifica ou asesora desde o outeiro da súa propia cultura. Pero se está atento, pode controlar esa tendencia a trasplantar mecánicamente a súa “sabiduría”, á vez que valoriza e respecta a cultura do país de acollida. En ocasións, é moi valioso para os pobos do Sur que alguén de fóra valore o deles. Influidos especialmente pola televisión, xa están comecendo eles mesmos a menosprezialo.


8

Non imporás, pero non aceptarás todo

O que respeta acriticamente todas as decisións e o xeito de proceder da contraparte vóltase innecesario. O que impón as súas decisións á contraparte vóltase indesexable para a contraparte e para o propio desenvolvemento do país. Neste gume da navalla -o que separa o comportamento impositivo do absolutamente permisivo- debe moverse o cooperante, aínda que sen pretender andar sempre facendo el malabarismos innecesarios.

É preciso que o cooperante cree coa contraparte un clima no que poida expresar todas as súas ideas sobre o proxecto e tamén as críticas sen ferir, sen humillar. Un clima no que a contraparte e a comunidade se sintan coa liberdade de criticar con franqueza as actuacións do cooperante e do organismo que representa.





9 Non te enganes: o poder está desigualmente repartido

Nunha reunión convocada pola FAO en Santiago de Chile (1986) sobre Accións e Estratexias de Desenvolvemento, un participante asegurou: “Non é horizontal unha discusión entre alguén necesitado e outro que ten unha chequeira”.

Ao cooperante, cuestionador do poder, gustaríalle poder actuar como se esa desigualdade non existira. Ou en todo caso, intentará salvar a pelella da súa conciencia, simulando que el non participa dese desigual reparto do pastel do poder. Fará mal. Porque el tamén participa e o peor que pode facerse é enganar aos demais e enganarse a sí mesmo sobre esta realidade.

A desigualdade de poder entre a axencia de desenvolvemento -que o cooperante representa- e a contraparte é real. Non se trata de ocultala, senón de clarificala, de sinalar os seus límites e de crear as regras de xogo que sexan aceptables e equitativas para ambas partes.

Serás ponte: traducirás as dúas lóxicas

10

O cooperante debe traducir constantemente á contraparte local a lóxica do organismo ao que representa e viceversa. Este é un proceso non exento de conflitos e de malentendidos, pero esencial: o cooperante non debe ser só un mero trasmisor das orientacións do organismo para o que traballa nin un mero emisor das respostas da contraparte local.

O cooperante debe ser unha bisagra, un tradutor que axude a que estas dúas lóxicas que se relacionan vaian entendéndose paulatinamente. Só o cooperante pode facer este papel de ponte, porque procede ou coñece a sociedade do organismo cooperante pero vive a diario na sociedade da contraparte. Se o cooperante non cumpre esta misión de relacionar ambas lóxicas, ninguén o fará, e o desencontro irase facendo maior e frustrará o proxecto de cooperación.



11

Coordinarás o teu proxecto co dos outros

O primeiro deber dos cooperantes é cooperar entre si en beneficio do desenvolvemento local. Con frecuencia non sucede así e os cooperantes compiten por proxectos exitosos e exclusivos. Non é raro que unha mesma poboación reciba propostas de cooperación distintas pero que teñen a mesma finalidade, aínda que lle esixen diferente nivel de compromiso. Compartir e non competir: ese é o camiño.




Aceptarás que a meta non é ser querido polos pobres

12

Hai que conter o común e extendido desexo de que nos queiran moitísimo. Cando se exerce de cooperante, isto é relativamente doado de lograr porque cando un dá, ás veces, pouco esixe. O obxectivo non é ser querido polos beneficiarios dos proxectos. O obxectivo é contribuir ao éxito do proxecto acordado coa contraparte.

Desde o desigual reparto do poder que se produce na xestión dos proxectos de cooperación, o difícil non é ser querido. O difícil é dar poder á comunidade, acadar a xestión eficaz dun proxecto que debe ser claramente protagonizado pola contraparte.


É por iso que xamais debe o cooperante facer caridade persoal co diñeiro do proxecto, que é diñeiro público.



13 Descubrirás que cooperar é aprender

O vocábulo cooperar pode entenderse de xeito equívoco e unilateral, nunha soa dirección: axudar é asesorar ao necesitado, ao máis pobre. Pero no traballo de cooperación recíbese máis do que se dá, se se teñen os poros abertos e se aproveita a enorme sorte de vivir inmerso noutra cultura. O exercicio da cooperación é de ida e volta. É, en realidade, un intercambio. Adóitase desaproveitar esta oportunidade moitas veces e non se teñen, ás veces, ollos nin oídos para captar o que nos está ensinando o outro.

A tarefa da cooperación é unha grande oportunidade para comprender outra cultura e outros valores. Unha ocasión para contemplar a cultura de procedencia con distancia, con outra mirada. Trátase dun momento único para aprender do propio país e dun mesmo, e hai que aproveitalo.



Convenceraste de que a finalidade da cooperación é desaparecer

14

A última proba da vontade dun proxecto é que, ao rematar os recursos da cooperación, o proxecto subsiste -se é desa clase- con recursos propios. Isto esixe traballar para irse, realizar un progresivo desprazamento das responsabilidades e da toma de decisións cara aos demais na busca dun final anunciado: facerse innecesario.



Victor Viñuales Edo é sociólogo e fundador e director da Fundación Ecología y Desarrollo. É consultor ambiental para a Unión Europea e para a Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional. Foi experto-coordinador da Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) en Nicaragua. Dirixiu o Plan Joven de Zaragoza e foi xefe do Servizo de Xuventude do Concello de Zaragoza.

A Fundación Ecología y Desarrollo (www.ecodes.org) é unha entidade sen ánimo de lucro e independente, con sede en Zaragoza, formada por un grupo de profesionais que traballa para contribuir á construción dun desenvolvemento sostible mediante a xeración e posta en marcha de alternativas ecolóxicamente sostibles, socialmente xustas e economicamente viables, tanto en España como en América Latina.



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento

Rúa dos Basquiños, 33-1ªA
15704 Santiago de Compostela
Tel./Fax: 981 585 189

coordinadora@galiciasolidaria.org
www.galiciasolidaria.org

Coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Dirección Xeral de Cooperación Exterior



cooperacióngalega